

**Manuela Palacios (2023): *Us & Them: Women Writers' Discourses on Foreignness*. Berlin: Frank & Timme, 240 páxs.**

A posibilidade duns estudos galego-irlandeses vive na deconstrución paulatina dun enunciado que arrastra toda unha estrutura histórica tan asentada como complexa de xestionar. O encontro entre ambos os movementos nacionais produciu, xa desde o século XIX, unha forma de solidariedade que non evitou a referencia a unha épica que moitas veces pretende aceptarse sen crítica nin adaptación, e da que, porén, tamén é preciso un acompañamento histórico. O suxeito do varón heterosexual, sexa como protagonista heroico dunha historia lendaria, sexa como simple enunciador bárdico desta, ocupou o centro do canon e aínda dalgunhas das súas posibilidades contemporáneas. No entanto, e non é a primeira vez que un traballo de Manuela Palacios nolo lembra, tamén existe toda unha irmandade posíbel nas perspectivas máis heteroxéneas, aquelas que viven lonxe do centro estipulado, as que cuestionan os estados-nación presentes ou en proxecto, así como as que poñen a ollada naqueles colectivos que atravesan o que ambos países viviron no pasado. De feito, ten sentido que sexa esta perspectiva a principal nos nosos tempos.

*Us & Them*, como o propio subtítulo nos indica, céntrase no discurso das autoras sobre a estranxeiría, tanto a vivida en primeira persoa como, moi particularmente, a que se percibe nos movementos migratorios e de exilio político actual. Trátase dun punto de partida para o que Manuela Palacios vai recorrer á comparación e aos puntos de encontro e contraste entre distintas creadoras dos dous focos propostos e ao que está dedicada a primeira parte do libro. «The Genres of Foreignness» analiza pares de escritoras galegas e irlandesas seguindo unha estrutura que recolle os xéneros clásicos con algunha intensidade particular: poesía, relato, novela e teatro. Cabe destacar o engadido á tríade tradicional do relato curto separado da novela (habitualmente consideradas conxuntamente baixo a etiqueta de «narrativa»). Xustifícase pola particular importancia que o relato curto tivo e aínda mantén para as literaturas emerxentes dende o punto de vista nacional, lingüístico ou de xénero. É unha das moitas descubertas do libro reparar en como a escrita das autoras irlandesas de entreséculos atopa un recurso no relato breve similar ao que atoparon as escritoras galegas na poesía. Mesmo a escolla concreta que a ensaísta coloca sobre o tema esperta máis curiosidade por un xénero (ou subxénero) que soubo recoller aspectos conflitivos e polémicos nese momento histórico.

Dentro dos varios apartados, son autoras como Mary O'Donnell e Alba Cid as que ocupan ese encontro no ámbito da poesía, poñendo en correlación a perspectiva sobre o alleo que vibra nas súas obras máis recentes (*The Massacre of Birds* e *Atlas*), ambas especialmente abertas á noción da globalidade, da estranxeiría e da visión sobre os outros ou as outras. En canto á novela, é a narración de Evelyn Conlon, *Not the Same Sky*, sobre a poboación irlandesa desprazada ás colonias australianas a que se coloca fronte *A Veiga é como un tempo distinto* de Eva Moreda, que trata das migrantes galegas ao Londres do último terzo do século XX. No ámbito do teatro destaca o tratamento do tema clásico, cun patente foco nas protagonistas femininas en pezas como *The Sacrificial Wind*, de Lorna Shaughnessy,

e *Medea en Corinto*, de Luz Pozo Garza. Máis diverso, como podíamos intuír, preséntase o apartado do relato curto onde a proposta é que autoras como Fiona Barr, Anne Devlin e, de novo, Mary O'Donnell do lado irlandés propicien liñas de análise en contraste con Ánxela Gracián, Rosa Aneiros e Iria Collazo López.

O proxecto de Manuela Palacios non se resume nesa proposta de base comparatista e aínda nos ofrecerá, na segunda parte do libro, dous novos bloques que empregan algúns dos achados da primeira para construír un discurso máis complexo e matizado. «Glocal Identities in Translation» fai uso do neologismo inglés «glocal» para falar da complexidade identitaria na que o mundo contemporáneo coloca comunidades como a irlandesa e a galega, obrigadas a mediar entre o concreto e o internacional, ademais de incluír as formas en que o concreto e o internacional aparecen na súa propia historia e son representadas nas súas respectivas tradicións. Destaca tamén aquí un dos elementos claves da obra, que é a cuestión da tradución, nesta ocasión con referencias a traducións cruzadas entre autoras dos dous ámbitos tomados como referencia, en ocasión dentro do contexto do longo traballo de intermediación que Palacios desenvolveu nos últimos anos.

Finalmente, o último bloque, «Mixing Memory and Desire: Women Writers' Emigration and Wanderlust», ofrece unha perspectiva que cobra importancia polo valor testemuñal de moitas autoras que falan da súa propia noción da estranxeiría, exilio e mesmo como suxeitos que experimentan desprazamentos temporais ou persistentes por motivos laborais. Entre a memoria da migración presente ou a de xeracións precedentes, aparece ademais o lexítimo papel da escritora fronte aos outros (as outras) por cuestións menos contundentes e estruturais, pero que teñen unha intensidade capaz de influír na obra literaria e na construción dos seus puntos de vista.

A obra de Manuela Palacios presenta puntos abondo estimulantes para continuar un diálogo do que se sabe parte relevante. Así, non se evitan aspectos como os distintos criterios que definen unha literatura nacional, coa irlandesa aceptando dúas linguas dunha maneira que resulta chocante a unha perspectiva galega asentada nun criterio filolóxico que trata de compensar a súa falta de emancipación política. A posíbel correlación dun conxunto nacional representado parcialmente por un estado e outro que simplemente mantén unha puxanza autonomista dentro doutro tamén aparecen suxeridas por esta perspectiva. Porén, o máis importante do ensaio é a posibilidade de trazar unha serie de elementos que poden recoñecerse mesmo en experiencias tan distantes como as que propoñen as diversas obras referenciadas, e como nelas pode rastrear-se un substrato común que remite ás perspectivas das mulleres como suxeito literario.

Quizais o punto de partida do ensaio admita olladas críticas que poden facerse nun sentido global: a proposta de comparación entre obras, máis aló dos condicionantes estruturais entre dous campos non simétricos, pode botar en falta unha maior xustificación. As escollas son especialmente produtivas para a análise proposta, no entanto, en ocasións os criterios de selección non resulten claros de

todo dentro das limitacións predefinidas (obras de mulleres, dos campos galego e irlandés...). Así, se algunhas pezas son rotundamente actuais e protagonizan debates similares no seu propio ámbito, outras parecen ser buscadas simplemente pola súa adecuación ao tema que quere ser tratado. Da mesma maneira, a intuición fainos pensar nalgunhas comparacións máis acaídas pola temática e o tratamento temporal, especialmente no capítulo dedicado á narración longa, onde a perspectiva de Evelyn Conlon en *Not the Same Sky*, atopa outras experiencias de migración forzada de crianzas a colonias que encaixarían mellor que a moi distante temporalmente novela de Eva Moreda.

Secasí, hai que recoñecer que o traballo da autora, especialmente posto en relación a unha carreira que non o limita a esta única obra, pon máis luz que sombras na maior parte dos temas. O traballo desde unha bibliografía actualizada, sempre sensíbel aos grandes temas do pensamento feminista, propón unha expansión do seu legado a través de distintos achados teóricos que tocan a dimensión internacional da nosa literatura. Da mesma forma, non é banal o valor de rexistro e testemuño co que están encaradas algunhas partes do libro, que recuperan o legado experiencial das autoras sen por iso convertelo nun centro indiscutíbel do produto académico. Unha obra que estreita mares e permite continuar un encontro cultural que comezou hai tantos séculos que podemos permitirnos encaralo cunha actitude crítica e unha ollada que fale máis do futuro que do pasado.

Mario Regueira  
marioiban.regueira.fernandez@usc.es